

A FORMACIÓN DA LINGUA GALEGA

1. Introducción

Cada lingua ou idioma dos que hoxe se falan no mundo, é a particular concreción que un grupo de seres humanos realiza da súa capacidade para comunicarse verbalmente. Unha lingua non é cousa de unha persoa, é cousa dunha sociedade humana. Unha lingua non é froito dunha improvisación dun momento, é resultado do asentamento e aceptación colectiva dunha maneira de expresarse con palabras, capaz de transmitir as experiencias individuais e as comúns, as presentes, as pasadas e, mesmo, capaz de anticipar as futuras.

No caso galego esa comunidade humana capaz de darlle forma a unha particular maneira de expresarse lingüísticamente existe desde hai moito tempo. Canto? Iso xa é máis difícil de determinar, entre outras cousas porque estamos falando de comunidades prehistóricas que non deixaron testemuños escritos. O que sabemos deles coñecémolo polos restos arqueolóxicos e polo que nos contaron os romanos: eran guerreiros, coñecían as técnicas metalúrxicas, non cultivaban os típicos produtos mediterráneos como o aceite ou o trigo...

2. Breve resumo histórico

- **Paleolítico e Neolítico:** durante esta época existiron no NO da península pobos e etnias de linguas diferentes das que apenas hai datos
- **A cultura castrexa:** crese que entre os séc. VIII e VI a. C. chegaron pobos indoeuropeos, procedentes da Europa Central (entre eles, os celtas) e da unión cos pobos autóctonos xurdiu a cultura castrexa.
- **A Gallaecia romana:** a incorporación de Gallaecia ao Imperio Romano foi tardía e lenta. No ano 137 a. C. Décimo Xuño Bruto derrotou os galaicos, unha tribo castrexa que lle deu nome a todo o territorio. No ano 19 a. C. completouse a anexión
- **Os suevos e Visigodos:** a crise do Imperio Romano falcitou a chegada destes pobos xermánicos á Galicia. Os suevos crearon un reino independente no 409 e posteriormente, no 585, incorporouse ao reino visigodo. No 711 chegaron os árabes á península, mais apenas estiveron no noso país.

3. O substrato prerromano:

Chamámoslles substratos ás linguas dos habitantes da Gallaecia prerromana. A elas superpúxose o latín vulgar e acabaron desaparecendo, deixando nel asúa pegada.

A substitución das linguas prerromanas polo latín vulgar non foi inmediata. Temos que pensar nun longo período de convivencia entre as variedades autóctonas e a lingua dos romanos que favorecese a influencia, interferencia e hibridación de moitas formas lingüísticas.

É moi posible que os hábitos articulatorios dos falantes das linguas autóctonas influísen nos cambios fonéticos que se foron producindo no latín galaico, pero iso é imposible de comprobar.

O único nivel lingüístico no que é relativamente fácil determinar a influencia destas linguas no latín é o léxico: perviven moitas palabras no galego actual, comúns ás linguas ibéricas ou exclusivas do galego e portugués, que non existen nas demais linguas románicas.

A maior parte deste léxico son substantivos que designan realidades concretas e características do contorno: o relevo xeográfico, as plantas, os animais, as construcións domésticas... A presenza de elementos prerromanos é especialmente abundante na toponimia, tanto por conservar o nome orixinal nos asentamentos existentes antes da romanización como por adoptar, no caso das novas fundacións, o nome común con que se designaba na lingua autóctona.

Distínguense diferentes substratos correspondentes a pobos que foron asentándose na Gallaecia ao longo de sucesivas etapas históricas:

- **Substrato preindoeuropeo:** moi antigo, localizado na Idade de Pedra e ata o 3º milenio a. C., anterior á chegada dos pobos indoeuropeos: *cosco, mata, queiroga, carqueixa, carrapucho, carrasca, balsa, carambelo, meda, coto, amorodo, arando, gándara, etc.*
- **Substrato indoeuropeo:** arredor do 800 a. C. rexístrase a chegada dun pobo ou pobos procedentes de Centroeuropa que falaban unha lingua indoeuropea relacionada co celta. Ao mesmo tempo tamén chega a primeira vaga de celtas, que se establecen no NO arredor do 600 a. C.: *cabana, páramo, galego* (e todo o que leve o sufixo *-ego*), *berce, billa, brizo, buraco, lama, lousa, bidueiro, camba, canga, cheda, croio, goro, greña, maniño, tona, virar, laxe, beizo, terco, tranca, etc.*



Castro de Viladonga, Castro de Rei (Lugo)

A romanización


O latín, lingua indoeuropea, xorde na Península Itálica, mais coa política expansionista de Roma para ampliar o seu territorio, a lingua foi levada por todo o imperio. A introdución do idioma latino foi un proceso lento de substitución lingüística que, segundo os estudosos, se desenvolveu en tres fases:

- **Colingüismo:** aceptación do latín como lingua dos conquistadores e da nova estrutura político-administrativa usada por eles, mentres que os indíxenas mantiñan as súas linguas. (século I d. C.)

- Bilingüismo diglósico: xa no séc. II avanza o proceso de substitución, especialmente nas xeracións máis novas, ao ser o latín un medio de promoción social e para obter a cidadanía romana. Tamén avanza a asimilación da cultura, relixión...
- Substitución lingüística: esta fase é longa e variada, máis prolongada nunhas rexións ca noutras e supón o a culminación do proceso de substitución. A expansión do cristianismo foi un factor determinante para a asimilación do latín. Non sabemos as datas con certeza, mais o latín acabou impoñéndose en toda a Gallaecia e del deriva o galego.

O latín que chegou ao noroeste peninsular non era o latín culto, senón o latín colquial oral, o **latín vulgar** que empregaban os colonizadores.

Varios factores van singularizar o latín que chegou ata nón; por unha banda, a diferenza entre o latín chegado aquí e o doutras zonas do imperio e a tardía e lenta conquista da Gallaecia e o seu afastamento de Roma, a metrópole.



A Gallaecia romana dividíase en tres zonas administrativas: conventus lucensis, conventus asturicensis e conventus bracarenensis, que conservan aínda moitas peculiaridades culturais e lingüísticas

4. Do latín ao galego

Os factores que acabamos de ver determinan a presenza de trazos conservadores na nosa lingua, que fan que o galego se aproxime máis ao latín que outras linguas romances:

- Mantemento da oposición entre vogais abertas e pechadas na serie media en posición tónica: *bēsta* / *besta*, *ōso* / *oso*
- Conservación dun sistema verbal sen tempos compostos: *AMAVISSE* > *amase*.
- Mantemento dos ditongos decrecentes: *AURUM* > *ouro*, *CAUSAM* > *cousa*.
- Conservación do grupo consonántico -mb-: *LUMBUM* < *lombo*.
- Mantemento do F- inicial latino: *FARINA* > *fariña*.

Mais tamén presenta trazos innovadores:

- Simplificación das consonantes xeminadas: *LL*, *NN* > *l*, *n*
- Perda de -L- e -N- intervocálicas: *LUNAM* < *lúa*, *PALA* > *pa*
- Sonorización das consonantes oclusivas xordas: *P,T,K* > *b,d,g*
- Perda das ctes. oclusivas sonoras (*B,D,G*): *REGINA* < *raíña*
- Palatalización en -ch- /tʃ/ dos grupos iniciais *CL-*, *FL-*, *PL-*: *PLUVIAM* > *chuvia*
- Vocalización do primeiro elemento nos grupos -LT- e -CT-: *MULTUM* > *moito*

Os catro primeiros son propios da Romanía Occidental, este proceso coñécese como lenición.

A maioría do noso léxico procede do latín e é o resultado da evolución do latín galaico, mais non todas as palabras foron introducidas na mesma época nin sufriron as mesmas evolucións, así temos tres grandes grupos:

- Palabras patrimoniais: son as que entran na época da colonización romana e sufriron todas as evolucións fonética que acabamos de ver: *FILUM* > *fío*.
- Semicultismos: son palabras procedentes do latín que entraron na lingua cando algunhas evolucións xa non se estaban producindo ou ben por vía eclesiástica, polo que non sufriron todas as evolucións: *ECCLESIAM* > *igreja*
- Cultismos: son palabras procedentes do latín culto ou do grego e que entraron tardíamente na nosa lingua e que conservamos sen cambios significativos: *COLLOCARE* > *colocar*, *CATHEDRA* > *cátedra*

5. O superestrato

As linguas dos pobos que se estableceron ou exerceron unha influencia no latín vulgar galaico despois da caída do Imperio Romano constitúen o superestrato. Son fundamentalmente dous: **o xermánico e o árabe**.

- **O superestrato xermánico**

No século V chegan á península pobos xermánicos, son os suevos e os vándalos, que se asentan en diferentes puntos. Así, na Gallaecia establecéronse os suevos, que entre os anos 411 e 585 constituíron o primeiro reino occidental despois da caída do Imperio Romano, cuxos territorios abranguían a actual Galicia, norte de Portugal e parte de Asturias e León (ver mapa). No 585 foi anexionado polos visigodos, pobo tamén xermánico que chegou máis tarde á península. Estes pobos acabaron romanizándose, non falamos dunha invasión, senón dunha fusión de pobos, o seu número era inferior e o nivel cultural e de organización era menor comparado co romano.

A consecuencia principal das invasións xermánicas foi a de acentuar as diferenzas que xa había entre os distintos dialectos latinos e aceleraro proceso de evolución que daría lugar ás diferentes linguas romances.



Fonte: Wikipedia

- Contribución das linguas xermánicas:

-Léxico: da vida cotiá (*sopa, garfo, pota, pote, agasallo...*); da vida militar (*guerra, helmo, gañar, espía, tregua...*); da natureza (*grosella, laverca, fato, pouta...*)

-Topónimos de orixe antroponímica coas terminacións: -ar (*Baltar, Gondomar...*); -mil (*Amil, Castromil, Samil...*); -riz (*Allariz, Beariz, Guituiriz...*); -monde (*Baamonde...*)

-Antropónimos: *Alberte, Alfonso, Elvira, Fernando, Luís...*

- **Superestrato árabe:**

A batalla de Guadalete, coa vitoria por sorpresa dos africanos, supuxo o fin do reino visigótico e o inicio dunha nova configuración política da Península Ibérica, que foi practicamente ocupada na súa totalidade en poucos anos polos musulmáns. Galicia (denominada polos invasores musulmáns *Jalîkîya*) é o único territorio que se mantén á marxe da invasión. Parte da poboación refúxiase no norte peninsular, onde van xurdir reinos cristiáns, mentres outra boa parte se asimila relixiosa e culturalmente (os mozárabes).

A achega árabe foi moi rica e influíu no nacemento das distintas linguas romances da península; eran un pobo avanzado na arte, na técnica e na ciencia. Os asentamentos musulmáns na actual Galicia foron escasos, polo que a maioría do léxico de orixe árabe chegou a nós a través do castelán.

- Contribucións árabes

Agricultura e gandeiría	<i>Aceite, acelga, azucre, algodón, laranxa, limón, arroz...</i>
Construción	<i>Albanel, alcatrán, argola, tabique...</i>
Administración e guerra	<i>Albacea, alcalce, aldea, alférez, arrabalde, xinete...</i>
Ciencia	<i>Cifra, algoritmo, álgebra, xarope, arroba, cifra...</i>
Artesanía e oficios	<i>Acibeche, alfaiate, alfombra, maquíla, tafona...</i>

6. O adstrato

Na actualidade e nun mundo globalizado e en constante cambio, as linguas enriquecéanse con novas palabras que designan realidades precedentes doutras culturas para as que non hai un termo na lingua que a recibe. Estes termos son os préstamos e compoñen o adstrato. Este léxico introdúcese de tres modos diferentes:

-Estranxeirismos: o vocábulo conserva a forma da súa orixe:

DO INGLÉS	<i>Spam, whisky, look, outfit, zoom, surf...</i>
DO FRANCÉS	<i>Ballet, suite, complot, mousse...</i>
DO ITALIANO	<i>Pizza, allegro, spaghetti, adagio...</i>
DO XAPONÉS	<i>Karate, karaoke...</i>
DO CASTELÁN	<i>Tortilla, bocadillo, sainete...</i>
DO RUSO	<i>Vodka, soviet...</i>

-Calcos: o termo tradúcese literalmente:

Do inglés: *weekend* <fin de semana; *mouse* <rato (inf.); *offside* <fora de xogo
Do francés: *bande dessinée* <banda deseñada

-Adaptacións: o termo adáptase fonética, gráfica ou morfoloxicamente a lingua de chegada:

Do inglés: *shampoo* <champú; *football* <fútbol...
Do francés: *chauffer* <chofer; *carnet* <carné...
Do náhuatl (lingua amerindia): *xocolatl* <chocolate; *tomatl* <tomate...

Xunto con estes termos aínda debemos ver os préstamos innecesarios, por posuír a nosa lingua léxico de seu co que nomear eses conceptos, debemos rexeitar e evitar o emprego destes termos, especialmente do inglés lingua da globalización e moi presente nas novas tecnoloxías (*fast food* por comida rápida, *hobby* por afección, *parking* por aparcadoiro, *post* por publicación ou *chef* por xefe de cociña son algúns exemplos).

Con todo, a lingua da que máis préstamos innecesarios temos é o castelán, como lingua oficial do Estado e que vén exercendo presión desde a Idade Media, así temos un léxico inzado de castelanismos (interferencias léxicas, morfosintácticas ou fonéticas), que tamén debemos evitar, entre os castelanismos léxicos máis frecuentes temos: *rodilla*, *grifo*, *tenedor*...